



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLE/2019/11	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	23 de agosto de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:05 ata as 22:30 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	ELEUTERIO PENA LAMAS

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
71642234V	ANA BELEN MARTÍN FERNANDEZ	SÍ
52490479V	FERNANDO SANTIAGO QUINTEIRO LÓPEZ	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
77013449L	HUGO FANDIÑO ALBERTE	SÍ
78738961W	IRIA VILLAR RODAL	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
53119072C	LAURA VERDE CURRA	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
78734468V	MARÍA TERESA VILLAR SUÁREZ	SÍ
44083047M	MARÍA VICTORIA PORTAS MARIÑO	SÍ



Concello de Cangas

76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
53118594W	RAFAEL JIMÉNEZ FERNÁNDEZ	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734398Q	ROSA MARY DE LA CAMPA PORTELA	SÍ
73241615R	SAGRARIO MARTÍNEZ FERRARI	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

#### A) PARTE RESOLUTIVA

##### Aprobación das actas das sesións anteriores realizadas en datas 15 de xuño e 22 de xullo de 2019

##### Favorable

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 14, En contra: 0,  
Abstencións: 7, Ausentes: 0

O Concello Pleno acorda aprobar o borrador da acta realizada en data 15 de xuño de 2019 e, así mesmo, acorda deixar pendente de aprobación o borrador da acta realizada o 22 de xullo de 2019.

##### Intervencións

**Sra. Vizoso Marcos:** indica que conste en acta que o xuramento foi por imperativo legal e que votará en contra da Acta do 22 de xullo por non recoller moitas das intervencións realizadas.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que vota en falta moitas das intervencións realizadas e solicita que se retire a acta.

**Sr. Sotelo Villar:** expón que o a expresión “de facto” na toma de posesión ven a significar unha toma de posesión sen as condicionantes legais pertinentes e resalta que na acta debe constar simplemente o que aconteceu.

##### Votación

A favor: 14 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras de PSOE, 3 concelleiros/concelleiras de BNG e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Concello de Cangas



Abstención: 7 (7 concelleiros/concelleiras do PP).

**Expediente 4823/2019. Proposta da alcaldía de dedicacións dos cargos públicos**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 7,  
Abstencións: 3, Ausentes: 0

Dase conta da proposta da alcaldía de data 13 de agosto de 2019, referente ás dedicacións exclusivas e parciais e asignacións económicas aos concelleiros e concelleiras e grupos políticos, que é como segue:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA SOBRE DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS AOS CONCELEIROS E GRUPOS POLÍTICOS*

*De conformidade co disposto nos artigos 75, apartados 1, 3 e 5 da Lei 7/ 1985 e 13 do Rd 2568/1986, os membros das corporacións locais teñen dereito a percibir retribucións polo exercicio do seu cargo cando o desempeñen en réxime de dedicación exclusiva ou parcial, así como, a percibir indemnizacións na contía e condicións que estableza o Pleno da corporación, en concepto de asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados dos que formen parte.*

*Do mesmo xeito, os grupos políticos municipais teñen dereito a dispoñer dunha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais para o exercicio do cargo, o que fai aconsellable a asignación dunha contía económica de carácter mensual, que conterà un compoñente fixo idéntico para todos os grupos e outro variable en función do número de membros.*

*Segundo o anterior, esta alcaldía propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*PRIMEIRO.- Establecer o seguinte réxime de dedicacións exclusivas e parciais:*

*Dedicacións exclusivas:*

*\* Alcaldía: dedicación exclusiva de Alcaldía con efectos do 1 de setembro de 2019.*

*\* Concelleiro/Concelleira delegado/delegada de servizo sociais, igualdade, feminismo e sanidade: dedicación exclusiva de concelleira ou concelleiro.*

*\* Concelleiro/Concelleira delegado/delegada de urbanismo e medio ambiente: dedicación exclusiva de concelleira ou concelleiro.*

*Dedicacións parciais, cunha dedicación do 50% da xornada:*

*\* Concelleira ou concelleiro delegada de servizos, enerxía e turismo.*

*\* Concelleira ou concelleiro delegada de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural.*



*SEGUNDO.- Remunerar as dedicacións anteriores nas contías que de seguido se determinan, que resultan de tomar as contías que se estaban a percibir no mes de maio de 2019, isto é, as mesmas dedicacións e polas mesmas contías anteriores ao presente acordo:*

*Dedicacións exclusivas:*

*\* Alcaldía: corenta e catro mil novecentos dezaioito euros con cincuenta e oito céntimos (44.918,58 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*

*\* Concelleira/Concelleiro delegada/delegado de servizos sociais, igualdade, feminismo e sanidade: vinte e oito mil catrocentos setenta e tres euros con vinte céntimos (28.473,20 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*

*\* Concelleira/Concelleiro delegada/delegado de urbanismo e medio ambiente: vinte e oito mil catrocentos setenta e tres euros con vinte céntimos (28.473,20 €), brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*

*Dedicacións parciais, cunha dedicación equivalente ao 50% da correspondente a unha dedicación exclusiva:*

*\* Concelleira ou concelleiro delegada/delegado de servizos, enerxía e turismo: catorce mil douscentos trinta e seis euros con sesenta céntimos (14.236,60 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*

*\* Concelleira ou concelleiro delegada de desenvolvemento económico, emprego, mar e rural: catorce mil douscentos trinta e seis euros con sesenta céntimos (14.236,60 €) brutos en catorce pagas, excluída a Seguridade Social ou réxime de mutualidade equivalente a cargo do Concello.*

*As retribucións referidas son en termos brutos, independentes da cotización do concello á Seguridade Social ou mutualidade correspondente e se percibirán en catorce pagas, unha por cada unha das mensualidades do ano e as dúas restantes nas mensualidades de xuño e decembro. O importe das retribucións actualizarase anualmente en función do IPC.*

*O Concello procederá á alta no réxime xeral da Seguridade Social dos/das concelleiros/concelleiras con dedicacións. As contías sinaladas incrementaranse anualmente na porcentaxe que determinen as leis de orzamentos para o persoal ao servizo do sector público, de xeito análogo ao incremento correspondente ao persoal ao servizo do Concello.*

*O presente acordo terá efectos desde o día 1 de setembro de 2019 para a dedicación correspondente á Alcaldía.*

*TERCEIRO.- Modificar a base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2018, prorrogadas a 2019, nos termos indicados no presente acordo.*

*CUARTO. - Asignar ás concelleiras e concelleiros, de conformidade co disposto na base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2018, prorrogadas a 2019, en concepto de indemnizacións por asistencia a órganos colexiados, as seguintes cantidades:*



- Por asistencia a Pleno, a cantidade de noventa euros (90,00€).
- Por asistencia a Xunta de Goberno Local, a cantidade de trinta e seis euros (36,00 €).

- Por asistencia a comisións informativas, o presidente percibirá a cantidade de trinta e seis euros (36,00 €) e os vogais a cantidade de vinte e catro euros (24,00 €).

*QUINTO.- Asignar unha cantidade a fixa cada grupo político, ao abeiro do artigo 73 da Lei 7/85, de trescentos euros (300,00 €) por mes, modificando en consecuencia a base 52 das bases de execución do orzamento municipal para o ano 2018, prorrogado a 2019, nos termos indicados no presente acordo.*

*Tendo en conta que os distintos grupos constan de distinto número de membros, asignaráselle a cantidade de trinta euros (30,00 €) por concelleiro ao mes, ao abeiro do artigo antes citado.*

*Destas cantidades, cada grupo municipal está obrigado a levar unha contabilidade específica, non podendo dedicarse polos grupos ao pagamento de remuneracións de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación, nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.*

*SEXTO.- Publicar o presente acordo no BOP, así como no taboleiro de anuncios do Concello".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 20 de agosto de 2019 pola Comisión Informativa Única.

#### Intervencións:

**Sra. Vizoso Marcos:** expón que no anterior Pleno o seu grupo municipal non estaba disposto a apoiar propostas que incrementasen a masa salarial, na nova proposta e en base o informe do interventor que sinala que non se produce incremento algún votarán a favor da proposta.

**Sr. Alcalde:** resalta que os concelleiros que estaban aquí estiveron a traballar no Concello sen ter as retribucións aprobadas.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que o BNG esixía que esta proposta fose froito dun diálogo entre partidos esixencia que foi atendida.

**Sr. Millán Blanco:** sinala en primeiro lugar que o PP non foi tido en conta nesas negociación, lembra que no 2015 se estableceron as dedicacións xustificadas na importancia das concellerías e sinala que o goberno de Cangas existente sale 47 mil euros máis caro anualmente para os cidadadans.

**Sr. Alcalde:** sinala que o reparto das dedicacións o decide o grupo de goberno e un goberno non resulta caro ou barato en atención as nóminas senón o que fan. Expón que nos anos 2011-2015 as dedicacións eran superiores e remata sinalando que outros concelleiros coseguiron determinados postos en diputacións.

**Sra. Portas Mariño:** expón que desde ACE defenderán a proposta inicialmente presentada en atención os principios de dignidade no traballo e que considera que en atención o principio de igualdade o acceso a cargos políticos considera inadmisíbel que se lle negue unha xornada laboral o 60% as mulleres políticas en aras o recoñecemento dun salario digno. Sinala que publica a súa axenda diaria xustificativa das tarefas que realizan.



Concello de Cangas

**Sra. Vizoso Marcos:** expón que poucos vecinos teñen medias xornadas con mil euros brutos, aplaude a publicación da axenda e recolle as queixas dos vecinos en materia de atención da veciñanza.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que o diálogo e o camino para chegar a acordos e que neste caso se absterán.

**Sr. Millán Blanco:** expón que en ningún caso falou de partida orzamentaria senón de costes para o Concello e volve a lembrar que estes costes son superiores as dos períodos do partido popular. Expón a existencia de determinados actos e ataques que se produciron que rozan o delito. Finalmente sinala que a persona que é acusada de entrar como concelleiro pasou un proceso selectivo.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

Votos a favor: 11 (4 dos concelleiros/concelleiras de ACE, 4 dos concelleiros/concelleiras do PSOE e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Votos en contra: 7 (7 dos concelleiros/concelleiras do PP).

Abstencións: 3 (3 dos concelleiros/concelleiras do BNG).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita anteriormente.

#### **Expediente 4254/2019. Proposta da alcaldía de delegación de competencias plenarios**

**Non hai acordo**

**Motivo:** Ampliar documentación

Este punto foi retirado da orde do día a pedimento da Alcaldía.

#### **Expediente 5563/2018. Proposta da alcaldía para revisión de oficio do contrato do ciclo integral da auga**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 14, En contra: 0,  
Abstencións: 7, Ausentes: 0

Dase conta de proposta da alcaldía de data 13.08.2019, referente a revisión de oficio do contrato do ciclo integral da auga, que é como segue:

*"PROPOSTA DE ALCALDÍA*

*Visto que en data 16 de abril de 2019 e número de rexistro de entrada 4667, notifícase ao Concello de Cangas o acordo-ditame do Consello Consultivo de Galicia de data 10 de abril de 2019 en relación ao expediente de referencia (CCG 83/2019), no que se sinala:*

*'Con todo, no curso do actuado non foi obxecto de consideración nin análise unha alegación realizada pola entidade adxudicataria no trámite de audiencia do procedemento e logo reiterada perante este Consello Consultivo, no que se pon de manifesto que na fase previa á*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*licitación unha mercantil dirixiu ao Concello unha cuestión ao respecto da interpretación do anteproxecto de explotación referindo expresamente como valor da cota fixa de saneamento o de 3,50 euros, para poñer de manifesto o diferencial de ingresos que correspondería respecto aos previstos, ao que a entidade local respostou que: 'o solicitante indica unha cota fixa que non se corresponde á realidade, debe examinar a documentación (exposta no perfil do contratante) anteproxecto (apéndice 6, páxina 12) e acordo de aprobación definitiva do anteproxecto con correccións'.*

*E sendo así que na referida páxina 12 doapéndice 6 do anteproxecto se consigna un importe de 4,50 euros para a cota fixa de saneamento, tal aspecto resulta eventualmente relevante para a resolución do procedemento e carecendo de toda consideración na proposta de resolución e nos informes que a preceden realizados a instancia da administración, é apreciable unha contravención do previsto no artigo 88, apartado 1 da LPAC a cuxo teor: 'a resolución que poña fin resolverá sobre todas a cuestións formuladas polos interesados e aquelas outras derivadas del'.*

*'Por tal razón resulta preciso retrotraer as actuacións para que previa solicitude dos informes que se consideren oportunos e logo de conceder nova audiencia a mercantil adxudicataria, se formule unha proposta de resolución que incorpore a análise dos particulares da alegación realizada pola mercantil e desatendida nas actuacións que preceden realizando o pronunciamento que en dereito proceda a partir da súa consideración', o 24 de outubro de 2014 formalizouse o contrato de xestión de servizo público, mediante concesión administrativa, relativo ao ciclo integral da auga polo Concello de Cangas e a adxudicataria.*

*Visto o informe do bufete 'Roibas', de data 14 de maio de 2019.*

*Vistas as alegacións presentadas pola adxudicataria en data 22 de maio de 2019.*

*Visto o informe de secretaría de data 12 de agosto de 2019, que presenta a seguinte conclusión:*

*'A modo de conclusión e para os efectos de dar resposta ao requirimento realizado polo Consello Consultivo, cómpre desestimar as alegacións da mercantil adxudicataria, dada a existencia nos documentos obrantes no expediente dun acordo plenario de aprobación definitiva con correccións do anteproxecto de explotación do ciclo integral da auga, adoptado en data 31 de xaneiro de 2014 (puntos primeiro e cuarto do devandito acordo), no que se determinan as cantidades da cota fixa de saneamento con carácter bimestral por importe de 3,50 €/bimestre'.*

*De conformidade co ámbito competencial establecido, proponho ao Pleno a adopción do seguinte:*

#### **ACORDO**

*PRIMEIRO.- Desestimar as alegacións presentadas por 'FCC AQUALIA SA' e 'Civis Global SL', en relación co requirimento efectuado polo Consello Consultivo no expediente de revisión de oficio do contrato formalizado en data 24 de outubro de 2014, dada a existencia dun acordo plenario de aprobación definitiva con correccións do anteproxecto de explotación do ciclo integral da auga adoptado en data 31 de xaneiro de 2014 (puntos primeiro e cuarto do devandito acordo), no que se determina a cota fixa de saneamento con carácter bimestral por importe de 3,50 €/bimestre, de conformidade co disposto no informe de secretaría de data 12*



de maio de 2019.

*SEGUNDO.- Ratificar o disposto no acordo plenario de data 22 de febreiro de 2019 e remitir o presente acordo, achegado do expediente completo, ao Consello Consultivo de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 106 da Lei 39/2015 e o artigo 12.f) da Lei 3/2014, de 24 de marzo, do Consello Consultivo de Galicia, comunicando a devandita remisión aos interesados.*

*TERCEIRO.- Suspender o prazo máximo para resolver de conformidade co disposto no artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, desde a remisión do expediente ao Consello Consultivo de Galicia ata a recepción do informe preceptivo do Consello Consultivo".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á proposta da alcaldía, emitido en data 19 de agosto de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

**Sr. Abalo Costa:** expón a moción.

**Sra. Vizoso Marcos:** expón que e o cuarto expediente iniciado sobre este tema e espera que se chegue a un resultado final satisfactorio e en todo caso recorda a necesidade de ter un plan B de aplicación para o Concello no tema da auga.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que votará a favor e pregunta polo prazo de 2 meses dado polo Consello para responder, amplamente superado.

**Sr. Secretario:** expón que non se trata dun prazo preclusivo.

**Sr. Millán Blanco:** expón que se existe a posibilidade de que o coste do servizo sexa máis económico e algo positivo pero iso non quere dicir que se estén a facer correctamente tanto en prazos como en determinadas resolucións dictadas por Alcaldía. Sinala que non sabemos o escenario o que se enfrenta o Concello e as existencias de diverxencias entre os diferentes partidos, estas circunstancias levan a que o Partido Popular se absteña.

**Sr. Alcalde:** sinala a existencia de diverxencias entre os técnicos municipais para determinar o órgano competente e que en todo caso, igual que no mes de febreiro tráese a Pleno a cuestión.

**Sr. Abalo Costa:** aclara que non e un expediente de resolución do contrato senón se o que firmou Sr. Sotelo no seu día coincide co que se asinou no contrato.

**Sr. Millán Blanco:** sinala que o informe do Consello Consultivo e preceptivo e vinculante e expón que xa se anticipa a presenza de actuacións ante Tribunais, ante estas dúbidas absteranse.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

Votos a favor: 14 (4 dos/das concelleiros/concelleiras de ACE, 4 do PSOE, 3 do BNG e 3 de AVANTE).

Abstencións: 7 (7 dos/das concelleiros/concelleiras do PP).





Polo tanto o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta da alcaldía transcrita.

**Expediente 4722/2019. Moción do grupo municipal do PP sobre tramitación do PXOM**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 10, En contra: 11,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dase conta da moción presentada polo grupo municipal do PP de data 30 de xullo de 2019, referente á tramitación do PXOM, que é como segue:

*"Na pasada lexislatura o Grupo Municipal do PP de Cangas manifestou a súa desconfianza a través de mocións, rogos e tamén preguntas, de cómo o concelleiro de urbanismo estaba a ocultar a forza maioritaria da Corporación (que segue sendo a maioritaria na presente lexislatura) a documentación do borrador do PXOM . Entendíamos e seguimos a entender que era e é un claro exemplo da prepotencia e falta de transparencia do Goberno Municipal. Non nos sorprendía, pois era a mesma estratexia que levaran a cabo na lexislatura 2007-2011. O pouco que coñecíamos era a través dos titulares dos medios de comunicación ou de filtracións efectuadas polos amigos do Sr. concelleiro.*

*Episodios como o dos núcleos costeiros, a desaparición dun tramo da variante, o acceso a Punta Couso, a situación da Rúa Noria ou ese borrador clandestino de Massó, curiosamente efectuado polo mesmo arquitecto que efectuou a proposta dunha modificación puntual para un centro comercial, foron mostras evidentes do ocultismo, mentiras e política de titulares que encheron as hemerotecas.*

*Despois de catro anos de secuestro, hai 3 semanas foi entregada aos distintos grupos políticos que conformamos a Corporación de Cangas unha copia do borrador do documento do PXOM elaborado pola empresa MONSA. Como era de supor algo tiña o ex-concelleiro de urbanismo que agochar, e pouco a pouco vamos enterándonos de cuestións tan graves como que mais do 40% dos terreos que agora teñen licenza directa pasan a estar incluídos en áreas de reparto (en torno a duascentas). É dicir que aquilo que no ano 2005 acusaban ao PP de que as áreas de reparto eran para especular as inmobiliarias e as grandes empresas de fóra, resulta que agora son a forma coa que pretenden aumentar os núcleos metendo no medio vivendas con licenza e parcelas que na actualidade teñen licenza directa, sen ter que poñerse de acordo co resto de propietarios incluídos nesas áreas. Ou que a variante a pesar de ter un acordo unánime da Corporación en canto a trazado e características, unha parte desaparece e outra varía a súa traza.*

*Para rematar a faena o Sr. concelleiro máximo responsable deste documento, non quere a área de urbanismo e pretende traspasar a responsabilidade a outras persoas. Como fixo durante corenta anos crea o problema e logo nun acto de valentía escóndese.*

*Incrible e se non se dan explicacións auguramos un novo fracaso a este documento que é lesivo para a maioría dos cangueses/canguesas.*



*Por todo iso efectuamos as seguintes:*

**PROPOSTAS DE ACORDO**

*1º.- Que o Sr. Mariano Abalo compareza no Pleno para que explique cales foron os criterios para crear estas áreas de reparto e a estratexia para definir a localización de equipamentos.*

*2º.- Que o Goberno Municipal traia ao próximo Pleno un cronograma coas correspondentes partidas económicas para a aprobación do PXOM*

*3º.- Que se amplíen os días de consulta na Casa da Cultura e se estableza un calendario de consulta nas distintas".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 20 de agosto de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

**Sr. Soliño Costas:** expón a moción.

**Sra. Vizoso Marcos:** expón que a moción debería dirixirse o actual Concelleiro de Urbanismo e lembra que a finais do 2018 avanzouse moito e nesta primeira entrega non se observa un avance senón un retroceso.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que o PP tivo 12 anos para sacar o PXOM e presentaron un documento unilateral co rexeitamento de todo o Concello de Cangas e no 2011 prometeron ter un PXOM aprobado no 2013, sen resultado algún e agora presentan unha moción solicitando que se acelere a súa tramitación. O BNG insistiu na aprobación do PXOM, a convocatoria do Consello Sectorial de Urbanismo e a participación da cidadanía pero non vai a asumir os argumentos do PP.

**Sr. Abalo Costa:** expón que coincide co BNG e que deixa nas mans do concelleiro de Urbanismo a aplicación do sinalado polo BNG.

**Sr. Fandiño Alberte:** expón que para este goberno municipal o PXOM é unha norma fundamental e de consenso e lembra que se está ante unha fase non regrada de participación e solicita que non se xeneren debates innecesarios.

**Sr. Soliño Costas:** expón que parece que en Cangas só goberna o PP e sinala que a través da moción se pretende buscar unha persoa que solvente dúbidas e aclarar cuestións sobre o cronograma e a participación aceptando a enmenda de Avante de retirar o nome de Mariano Abalo.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

Votos a favor: 10 (7 dos concelleiros/concelleiras do PP e 3 concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Votos en contra: 11 (4 concelleiros/concelleiras de ACE, 4 concelleiros/concelleiras do PSOE e 3 concelleiros/concelleiras do BNG).



Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda non aprobar a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

**Expediente 4717/2019. Moción do grupo municipal do PP sobre contrato do servizo do ciclo integral da auga**  
**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En  
contra: 14,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 7 de agosto de 2019, referente ao contrato do servizo do ciclo integral da auga, que é como segue:

*"José Enrique Sotelo Villar, como voceiro do Grupo Municipal do PP de Cangas, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno da Corporación, a seguinte MOCIÓN:*

*No 2014 o Concello de Cangas asinou o contrato de concesión do ciclo da auga coa empresa que resultou ganadora do concurso, a UTE Aqualia-Civisglobal. Un contrato que entre outras cousas recollía un amplo plan de investimentos do que a data de hoxe nada se sabe. Podemos facer referencia a unha ampla hemeroteca, da que ao noso entender é sen dúbida a maior estafa política da historia do noso Concello.*

*Chama a atención, que cinco anos despois non se executara ningunha das obras previstas no plan de investimentos, Plan que tiña un cronograma que empezaba no verán do 2015 coa mellora dos bombeos de Areabrava, Pinténs, Arneles, Francón, Rozabales, Reboredo, Viñó e A Serra de Poente, por un importe de douscentos cincuenta e tres mil catrocentos dezaseis euros (253. 416 €), e con outro proxecto por importe de setecentos vinte e oito mil (728.000,00 €), para acometer actuacións onde estaban previstas pavimentacións (Castiñeiras, Espiñeira, Pepe Durán, Erbelo, Barrio das Flores, Lemáns e Arneles). A data de hoxe non hai rastro desta fase e por suposto menos das melloras na EDAR e outras actuacións previstas. Iso si, a concesionaria anunciou na prensa unha serie de obras que nada teñen que ver coas inicialmente previstas, que a quen beneficiaban é a xestión da explotación non as necesidades dos/das veciños/veciñas, algunha destas actuacións foron executadas polo Concello de Cangas a través de plans con outras Administracións e mesmo algúns con fondos propios.*

*As consecuencias as estamos a sufrir: verquidos que se repiten de forma sistemática e que por moito que o Goberno intente culpar a outros, o Concello é o único responsable.*

*Podíamos falar das falsas promesas de municipalización dalgúns dos membros do Goberno Municipal na pasada lexislatura, ou lembrar a foto do hoxe do alcalde coa pancarta de MUNICIPALIZACION DA AUGA XA! na bancada do salón de plenos no Pleno do mes de marzo 2015, ou a nova do que o primeiro que fixo o Sr. Pazos ao chegar a Alcaldía no 2015, foi asinar o padrón do ciclo da auga que o PP había paralizado e afirmar publicamente que descartaba rescatar o servizo da auga (V. de Galicia 18 de Xuño do 2015), ou facer referencia a esa ordenanza chapuceira e ilegal que como anunciábamos no seu día traería graves consecuencias as contas do Concello (xa hai sentenzas condenatorias). E para completar a historia a empresa leva mais cartos que nunca de Cangas, un 12% mais sen facer ningún investimento.*

*Durante catro o Goberno Municipal mirou para outro lado vendendo expedientes de rescisión que de forma sistemática caducaban e aprobando ordenanzas feitas a medida por empresas*



*amigas que logo a xustiza declara ilegais.*

*Por todo iso efectuamos as seguintes:*

**PROPOSTAS DE ACORDO**

*1º.- O Pleno do Concello de Cangas insta ao Goberno Municipal a que acade un acordo coa empresa concesionaria, onde quede claro a ordenanza a aplicar e o cronograma do plan de investimentos.*

*2º.- O Pleno do Concello de Cangas insta ao Goberno Municipal a que dito acordo sexa aprobado polo Pleno da Corporación no prazo máximo de tres meses".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 20 de agosto de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

**Sr. Millán Blanco:** expón a moción.

**Sr. Hemelo Álvarez:** expón que non e comprensible chegar a un acordo cunha empresa que está a realizar un cobro excesivo e que manterán unha mesma liña que no acordo sobre a nulidade do contrato formalizado, en consecuencia votarán en contra.

**Sra. Giráldez Santos:** sinala que existen determinadas incongruencias na moción do Partido Popular xa que se recollen investimentos recollidos non Plan Director que foron realizadas polo concello en Maio de 2015. Por outro lado indica que resulta imposible negociar tarifa algunha mentres que non se resolva a cuestión da nulidade do contrato formalizado e recorda que a empresa non fixo os investimentos previstos, por elo, votarán en contra.

**Sr. Abalo Costa:** expón que xa no momento inicial do contrato xa existía un pacto tarifario e xa no 2015 votaron que se votasen abaixo as tarifas aprobadas e agora o Partido Popular pretende tras incumplimentos do adxudicatario e asinar un contrato de 25 anos aprobar esta moción.

**Sr. Millán Blanco:** recorda que Mariano Abalo trouxo unha ordenanza municipal con informes externos tumbada polos Tribunais e lembra a contratación da depuradora de augas residuais de Balea por unha duración de máis de 20 anos. Sinala que a ordenanza tumbada no 2015 o certo é que se paralizaron os cobros e tres meses despois poñense o cobro. Habrá que buscar solucións que melloren a situación do Concello.

**Sr. alcalde:** sinala que a presión popular foi a artífice do acordo de abril de 2015 e expón que non se puxeron o cobro xa que foi un erro desde tesorería de xeito que inmediatamente se retirou o seu cobro.

**Sr. Hermelo Álvarez:** considera necesario comezar os proxectos previstos na lexislación anterior para atender as necesidades da cidadanía.

**Sr. Abalo Costa:** simplemente recorda que o señor Sotelo estaba perfectamente asesorado no seu momento e que curiosamente agora non dí nada.

**Sr. Millán Blanco:** expón que o problema e a existencia de deficiencias no servizo que deben



ser solventadas e que é preciso realizar determinadas inversións.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

Votos a favor: 7 (7 dos concelleiros/concelleiras do PP)

Votos en contra: 14 (4 dos concelleiros/concelleiras de ACE, 4 dos concelleiros/concelleiras do PSOE, 3 dos concelleiros/concelleiras do BNG e 3 dos concelleiros/concelleiras de AVANTE)

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda non aprobar a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

**Expediente 4762/2019. Moción do grupo municipal do PP sobre o servizo de socorrismo en praias**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 10,  
Abstencións: 3, Ausentes: 1

Dase conta da moción do grupo municipal do PP de data 9 de agosto de 2019, referente ó servizo de socorrismo en praias, que é como segue:

*"Rafael Jiménez Fernández, como concelleiro do grupo municipal do PP de Cangas presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación, a seguinte:*

**MOCIÓN**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

*Cangas conta con 31 kms. de costa e 38 praias repartidas nas rías de Vigo e Aldán, o cal constitúe un dos nosos maiores atractivos turísticos. Este feito xustifica que o servizo de salvamento teña dende sempre dúas lanchas operativas, unha en Rodeira para cubrir a Ría de Vigo e outra con base na Ría de Aldán.*

*Xa durante a pasada lexislatura vivimos episodios nos que quedou patente a improvisación e a falla de mantemento das embarcacións e os seus efectos negativos na seguridade de bañistas e embarcacións de lecer. A incapacidade de xestión foi tal que se chegou a externalizar e mesmo a intentar pagar parte do servizo a través dunha empresa ilegal. Por certo a responsable era da mesma formación política do Sr. Pazos, quen agora parece que di que a solución a todos os problemas era recuperar a xestión do servizo ou que as embarcacións non son imprescindibles para o salvamento. Pois un mes e medio despois, os problemas das embarcacións súmanse a deficiente limpeza en accesos e entorno das praias, a carencia de socorristas e o que é mais preocupante, os problemas coa calidade da auga nalgúns areais.*

*Este ano, os veciños/veciñas de Cangas pagaron por un servizo que non tiveron ata fai uns días. A realidade é que Cangas conta con 3 patróns contratados que non tiveron nada que patronear. Cuestión esta que afectou a seguridade dos nosos areais pero tamén a eventos náuticos que reuniron na nosa vila a deportistas de diferentes puntos da xeografía galega, ou a actos como as procesións marítimas que se celebraron sen poder contar con ditas*



embarcacións.

*Para o actual rexedor nada do que acontece neste Concello ten que ver con el. As lanchas non están operativas por culpa da Capitanía, non pola improvisación de quen leva mais de catro anos vendendo fume e mirando para outro lado. A falta de previsión e os retrasos nos trámites pertinentes son as auténticas causas dunha situación intolerable que deixa recortado un servizo xa de por sé reducido na pasada lexislatura ao pasar de 10 a 7 as praias que contaban co mesmo e que este verán nin iso. Para rematar o Sr. Pazos ameaza co despido a unha traballadora que quería preguntar por cuestións relacionadas con esta problemática e impón a lei do silencio a traballadores municipais que só denuncian as carencias do servizo.*

*Por todo iso efectuamos as seguintes:*

#### **PROPOSTAS DE ACORDO**

*1º. - O Pleno da Corporación reproba a actuación da Alcaldía na posta en marcha do servizo de socorrismo nas praias e esixe que non se repitan as ameazas ao persoal municipal, neste caso adscrito a dito servizo.*

*2º.- O Pleno da Corporación insta ao Goberno Municipal a que estableza un cronograma de traballo cos distintos departamentos municipais implicados, para que a situación na que están as nosas praias neste momento non se repitan no futuro".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do PP, emitido en data 20 de agosto de 2019 pola Comisión Informativa Única.

#### **Intervencións:**

**Sr. Jiménez Fernández:** expón a moción.

**Sr. alcalde:** expón que no ano 2014 se gastaron máis de 30.000 euros en horas extraordinarias por insuficiencia de socorristas e sinala que lles pasará un informe do servizo municipal onde se recollerán as actuacións que se fixeron e solicita que controle as afirmacións de acoso a traballadores. Finalmente sinala que a lancha de socorrismo non é adecuada para o uso en socorrismo.

**Sr. Hermelo Álvarez:** expón que son certas as ameazas debería existir unha denuncia da persona ameazada e polo tanto carecemos da información precisa máis aló do establecido en prensa e considera que existen outras formas de recoñecemento da calidade das prais de Cangas máis actualizadas e polo tanto votarán en contra.

**Sra. Giráldez Santos:** expón que os servizos soen estar coordinados se ben parece existir un erro na operatividade das lanchas e sinala que carece de datos suficientes no tocante a denuncia polo que votarán en contra.

**Sr. Abalo Costa:** expón que o que ocorreu o día 22 de xullo foi un tema moi grave, unha falta de respecto e remata sinalando a instrumentación da cuestión. Finalmente sinala que espera que para o ano que ben se mellore a situación cun apoio institucional exterior inexistente ata o momento.

**Sr. Jiménez Fernández:** lembra que o Sr. Pazos e alcalde desde 2015. Expón que se seguen a pagar horas extras e no tocante as bandeiras azuis recalca que o importante é que as praias



teñan uns bos servizos. No tocante a lancha comenta que si estaba operativa porque non estaba en determinados eventos realizados no Concello e o que non é de recibo que se critique unha moción que pon de manifesta as carencias e deficiencias na xestión do servizo. Finalmente expón que considera que actuación do Alcalde co persoal do Concello non foi correcta.

**Sr. alcalde:** expón que non hai traballador que teña expediente aberto. Sinala que a redución das bandeiras azuis ben da dificultade de contratar a socorristas e explica que descoñece se as lanchas foron as procesións. Recoñece a existencia de erros na xestión pero non se lle pode acusar de acoso os traballadores.

**Sr. Abalo Costa:** lamenta que se pida a reprobación de alcaldía por un incidente que provocaron.

**Sr. Soliño Costas:** expón que a día de hoxe hai unha lancha que non está operativa e solicita que non volva a pasar a situación.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 7 (7 dos concelleiros/concelleiras do PP).

Votos en contra: 10 (3 dos concelleiros/concelleiras de ACE, 4 dos concelleiros/concelleiras do PSOE e 3 dos concelleiros/concelleiras de AVANTE).

Abstencións: 3 (3 dos concelleiros/concelleiras do BNG).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda non aprobar a moción do grupo municipal do PP transcrita anteriormente.

### **Expediente 4811/2019. Moción do grupo municipal de AVANTE-CANDIDATURA VECIÑAL sobre planificación e transparencia do goberno municipal**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 13, En contra: 0, Abstencións: 7, Ausentes: 1

Dase conta da moción do grupo municipal AVANTE - CANDIDATURA VECIÑAL de data 13 de agosto de 2019, referente á planificación e transparencia do goberno municipal, que é como segue:

*"O grupo municipal Avante! - Candidatura Veciñal, presenta para o seu debate e aprobación se procede polo Pleno da Corporación a seguinte:*

#### **MOCIÓN**

##### Exposición de motivos:

*O Concello é a institución máis próxima ás persoas e as súas decisións e accións afectan dun xeito importante á veciñanza. Por iso entendemos que o goberno municipal ten que ser unha institución na que as persoas confíen e se sintan partícipes.*

*A planificación e a transparencia na acción de goberno son ferramentas fundamentais neste proceso de confianza. Por iso, consideramos que se deben coñecer as accións que levan a cabo nas concellerías, así como a previsión de actuacións a curto e medio prazo.*



*Tengo en conta o anterior, formulamos as seguintes:*

**PROPOSTAS DE ACORDO**

1.- *Que se realice un pleno monográfico con periodicidade anual, no que as concellerías do goberno dean conta da súa labor na concellería asignada, con ampliación de tempos a acordar na xunta de portavocías.*

2.- *Que as persoas responsables de cada concellería realicen un informe anual de actividade realizada e previsión de accións no seguinte período. Estes informes entregaranse, como mínimo, unha semana antes do pleno monográfico de rendición de contas".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal AVANTE - CANDIDATURA VECIÑAL, emitido en data 20 de agosto de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

**Sra. Verde Curra:** expón a moción.

**Sra. Giráldez Santos:** expón que está a favor destas mocións e solicita que se publiquen na web municipal os informes de xestión presentados no mandato anterior.

**Sra. Portas Mariño:** expón que esta a prol da transparencia pero se absterán porque consideran que o último pleno sobre transparencia foi eterno e súmase a proposta da Sra. Merche Giraldez.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** expón que están a prol da transparencia e considera que a xente ten que saber o que se fai nas concellerías e por iso non entende a abstención de ACE.

**Sr. alcalde:** sinala que se absteñen porque considera que un pleno monográfico se fale do feito e do planificado por cada concellería sería eterno.

**Sra. Verde Curra:** expón que a idea en definitiva e rendir contas.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

Votos a favor: 13 (7 dos concelleiros/concelleiras do PP, 3 dos concelleiros/concelleiras de AVANTE e 3 dos concelleiros/concelleiras do BNG).

Abstencións: 7 (3 dos concelleiros/concelleiras de ACE e 4 dos concelleiros/concelleiras do PSOE).

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a moción do grupo municipal de AVANTE - CANDIDATURA MUNICIPAL!, transcrita anteriormente.

**Expediente 4818/2019. Moción do grupo municipal do BNG para acondicionamento do paseo marítimo de Cangas completando a 1ª fase co proxecto anterior e modificación do trazado do carril bici**

**Favorable** **Tipo** **de** **votación:**





Unanimidade/Asentimento

Dase conta da moción do grupo municipal do BNG de data 13 de agosto de 2019, referente ó acondicionamento do paseo marítimo de Cangas completando a 1ª fase co proxecto anterior e modificación do trazado do carril bici, que é como segue:

*"O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.*

#### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*No anterior mandato e dende o ano 2015 mantiveronse varias reunión coa anterior xefa do Servizo Provincial de Costas e co persoal técnico ao servizo desa administración estatal para falar do estado da banda do litoral da que é titular.*

*No ano 2017, na súa visita ao concello de Cangas, trasladouselle novamente a necesidade dunha actuación urxente no Paseo Marítimo de Cangas e ante a falta de resposta, no ano 2018 solicitouse autorización para a execución da primeira fase cun proxecto feito polos técnicos municipais da área de obras e servizos para o acondicionamento do primeiro tramo do Paseo Marítimo Pepe Poeta, financiada con fondos do Plan Concellos da Deputación Provincial.*

*Os traballos executados quedaron limitados ao tramo ata o fronte da Casa da Cultura, por mor do trazado do carril bici que nese punto invade o tramo peonil e impide a continuidade do pavimento para peóns. A intención da concellaría anterior de obras e servizos e falado co departamento da policía local era estudar a posibilidade do traslado do trazado dese tramo do carril bici para continuar co pavimento continuo na zona peonil, facilitando así a mobilidade e evitando o risco de incidentes nese punto, tanto polo paso de bicis e patinetes como polo estado do pavimento con adoquinado e fendas que provocan caídas e dificultan o paseo ás persoas con mobilidade reducida, así mesmo estudaríase a posibilidade de dotar no punto máis baixo, de escaleiras de acceso á praia urbana de Rodeira para eliminar o risco de caída das persoas que baixan polas rochas.*

*O Paseo marítimo é unha das zonas máis transitadas do Concello cun elevado volume diario de cidadáns aumentado considerablemente na época estival ao ser acceso á praia urbana de Rodeira, polo que entendemos necesario continuar cos traballos de acondicionamento con proxectos que completen totalmente o trazado tanto da zona de paso peonil como do carril bici ata o remate do mesmo ao final da praia, ben con fondos propios ou axudas doutras administracións sen esquecer que Costas do Estado é a titular dos terreos e o Concello o responsable do mantemento.*

*Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:*

**ACORDO**



*O Concello de Cangas continuará, no prazo máis breve posible, cos traballos de acondicionamento do Paseo Marítimo de Cangas, completando a primeira fase co proxecto executado no mandato anterior e estudando a modificación do trazado do carril bici no tramo entre a Casa da Cultura de Cangas e o aparcadoiro para garantir a mobilidade e evitar situacións de risco para a veciñanza".*

Dase conta, así mesmo, do ditame favorable á moción do grupo municipal do BNG, emitido en data 20 de agosto de 2019 pola Comisión Informativa Única.

Intervencións:

**Sra. Giráldez Santos:** expón a moción.

**Sra. Martín Fernández:** expón que a obra non está entregada por determinadas deficiencias e que tras falar con costas se valoraría a asunción polo concello.

**Sra. Vizoso Marcos:** expón que e preciso un estudio de mobilidade do Concello e polo tanto votarán a favor.

**Sra. De la Campa Portela:** sinala que o Partido Popular sinala a importancia de que se continuen estas obras.

**Sra. Giráldez Santos:** expón que Costas nunca arranxou o paseo e que tivo que ser o Concello o que levase a cabo as actuacións.

VOTACIÓN E ACORDO:

Polo tanto, o Concello Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar íntegramente a moción do grupo municipal do BNG transcrita anteriormente.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Dación de conta da liquidación do orzamento xeral para o exercicio 2018**

Pola presidencia dase conta do Decreto Número: 2019-1214 de data 01.08.2019, referente á liquidación do orzamento xeral para o exercicio 2018, que di o seguinte:

*"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

*No uso das facultades que me confire o artigo 191.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo*



Concello de Cangas

que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e nas Bases de execución do Orzamento en vigor, visto o informe emitido pola Intervención municipal de data 01 de agosto de 2019, e axustada a súa obtención ao establecido pola normativa citada, polo Real Decreto 500/1990, pola Orde HAP/1781/2013, e demais normativa aplicable,

**RESOLVO:**

*Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento xeral para o exercicio 2018 do Concello de Cangas, co resultado que a seguir se indica:*

*DRnetos = 16.467.791,37 euros*

*ORnetas = 19.199.269,80 euros*

*1.RP 2018 antes de axustes = - 2.574.980,62 Euros*

*2.Desviacións de financiamento negativas do exercicio (suman): 342.434,75 euros*

*3.Desviacións de financiamento positivas do exercicio (restan): 1.337.504,70 euros*

*4.Créditos gastados correspondentes a modificacións orzamentarias financiadas con Remanente de Tesourería (suman): 2.602.959,20 euros.*

*5.RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO: - 967.091,37 EUROS*

*Segundo.- Aprobar o Remanente de Tesourería resultante para o Concello de Cangas, que ofrece as seguintes magnitudes:*

*RTtotal = 1.607.719,37 euros*

*Saldos dubidoso cobro= 1.186.359,62 euros (restan)*

*RTGFA = 851.537,18 euros (restan)*

*RTGX = -430.177,43 euros*

*Terceiro.- Da presente Resolución e dos Estados de Liquidación darase conta ao Pleno da Corporación na seguinte sesión que se celebre, e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 193.4 e .5 do Real Decreto legislativo 2/2004. De igual xeito, procederase de acordo co establecido no artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 01 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira."*

O Concello Pleno queda informado do Decreto anteriormente transcrito.

### **Dación de conta dos informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal**

O Concello Pleno queda informado da relación de informes de reparo de intervención, segundo a base de execución nº 38 do orzamento municipal, que consta dun total de 173 documentos, que comeza polo informe de pago de asignacións aos grupos políticos de data 26 de abril de 2019, e remata coa resolución da alcaldía de aprobación de facturas de data 1 de agosto de 2019.

**Dación de conta de resolucións da alcaldía ditadas desde o 22 de abril ata o 16 de agosto**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

de 2019

O Concello Pleno queda informado das resolucións da alcaldía ditadas desde o 22 de abril ata o 16 de agosto de 2019.

#### **Dación de conta de decreto referente a actualización de valores catastrais**

Pola presidencia dase conta do Decreto Número: 2019-1200 de data 31.07.2019, referente á actualización de valores catastrais, que di o seguinte:

##### *"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA*

*Visto o escrito de data 17.06.2019 (R.E. nº 8193/2019 de 21.06.2019), remitido pola Delegación Provincial de Economía e Facenda en Pontevedra, polo que se comunica a este Concello a posibilidade de aplicar coeficientes de actualización de valores catastrais para o ano 2020, de conformidade co disposto no artigo 32.2 do Texto refundido da Lei do catastro inmobiliario.*

*Se nos informa e concreta que o coeficiente a aplicar e actualizar sería do 1,05.*

*Valorada a proposta, esta Alcaldía RESOLVE e comunica, para os efectos oportunos, que este Concello decide non aplicar nin acollerse á citada aplicación ou actualización".*

O Concello Pleno queda informado do decreto anteriormente transcrito.

### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

#### Rogos e preguntas:

**O grupo municipal de AVANTE! – Candidatura Veciñal** presenta escrito cunha serie de preguntas para as distintas áreas:

#### Área de Servizos Sociais, Igualdade, Feminismo e Sanidade

##### **En relación ao Punto Lila das Festas do Cristo**

*Coa anterior corporación xa se iniciara un proceso para a instalación de Puntos Lilas nas distintas festas que celebran durante o ano en Cangas. Comezouse nas Festas do Cristo cun Punto Lila coordinado polo CIM pero con persoas voluntarias (con distintos niveis de formación) e deuse o paso á profesionalidade durante o Entroido do 2019, coa presenza continua de 2 e 3 Axentes de Igualdade.*

- *O actual Punto Lila, vai estar atendido en todo momento por persoas profesionais?*
- *De ser así cal é a súa formación?*

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



### ***En relación ao Consello Municipal de Igualdade***

*Recibido o 21 de agosto a solicitude de nomeamento da persoa que representará a AVANTE! - Candidatura Veciñal no Consello Municipal de Igualdade*

- *A actual corporación vai manter o Consello Municipal de Igualdade como órgano de participación dos distintos colectivos?*
- *Cando vai ser a seguinte xuntanza do Consello Municipal de Igualdade?*

### ***En relación ao Fondo Documental Dolores Blanco Montes***

- *A actual corporación vai manter a dotación económica para este fondo?*
- *A principios de ano, fíxose unha retención de crédito para a adquisición de máis material, en que situación se atopa?*

*Área de Transparencia e Participación Veciñal*

*Na anterior corporación existía un borrador de bases e orzamento suficiente para a licitación e posta en marcha do portal de participación*

- *A actual corporación vai manter esta iniciativa (aproveitamento ou non o borrador existente)?*

### ***Área de Cultura***

- *Cal é a recadación prevista para as Festas do Cristo do 2019?*
- *E o custo estimado?*
- *Vai ser maior ou menor ó custo das Festas do Cristo do 2019 ao do ano 2018?*
- *En que situación queda o orzamento da área de Cultura por culpa do desaxuste das contas do ano 2018?*
- *Afecta este desaxuste a outras partidas xa comprometidas ou apalabradas con outros colectivos?*

### ***Área de Urbanismo***

*Logo dun primeiro estudo do borrador presentado, o cal non recolle o traballo e aportacións feitas nas xuntanzas de traballo do PXOM. Algúns exemplos claros son os erros na toponimia, pero tamén existen espazos que a catalogación da tipoloxía do solo non coinciden coas propostas de traballo mais avanzadas. A nosas preguntas son:*

- *O documento recolle todas as aportacións e acordos feitos nas sesións de traballo?*
- *O documento presentado por MONSA, é a última versión de traballo?*
- *Vaise activar o Consello Sectorial de Urbanismo? Cando vai ser a seguinte xuntanza?*
- *Na oferta presentada pola empresa MONSA Urbanismo na licitación da redacción do PXOM, na “Memoria e Plan de realización dos traballos” a empresa contemplaba a utilización de aplicacións informáticas interactivas para divulgar o contido do PXOM durante a súa tramitación, para facilitar a navegación e manexo do plan xeral mediante sistemas avanzados de software libre. ¿Vaise esixir á empresa redactora do plan xeral estas ferramentas?*
- *Vaise esixir o cumprimento todas e cada unha das melloras presentadas pola empresa redactora, sobre todo no referido ás medidas que garantan a participación e a coordinación de público e entidades cidadás na elaboración e tramitación do plan xeral?*

### ***Área de Facenda***



- *Vaise realizar un novo orzamento para o ano 2019?*
- *No caso de realizarse o novo orzamento, ¿vai ser participado pola oposición e/ou pola veciñanza?*

En concreto, a **Sra. Vizoso Marcos**: pregunta pola situación da Subvención de Mercados Excelentes e Tomás Hermelo pregunta sobre o orzamento das festas do Cristo e a situación actual do contrato con Monsa e as melloras contempladas no contrato e o seu cumprimento e a participación dos cidadans e grupos políticos na elaboración do PXOM e se actualizou o decreto de áreas das concellerías.

**O Sr. alcalde**: expón que a Concellería de Normalización Lingüística vai intimamente ligada a Cultura. No tocante os orzamentos das Festas será menor, entorno os 80 mil euros e os gastos de luz.

**O Sr. Soliño Costas**: roga que o Sr. Alcalde vaia polas parroquias para que comprobe que se atopan cheas de broza e de merda.

**O Sr. alcalde**: sinala que existe unha brigada que se dedica a atender as necesidades e prioridades existentes se ben e imposible atender a todos.

**O Sr. Sotelo Villar**: pregunta por se existe, no tocante as festas, algún informe sobre a seguridade das actuacións.

**O Sr. alcalde**: sinala que a inspección de festas se esta a realizar polos servicios municipais e que despois das festas pasará os informes pertinentes.

**O Sr. Sotelo Villar**: pregunta se a policia está traballando pola noite o longo de este verán e os pagos que se efectuaron neste concepto.

**O Sr. Alcalde**: expón a situación de escasez do persoal da policía e que espera que a Xunta de Galicia saque as prazas, cubrindo actualmente eses servicios con auxiliares de policía e solicitará o departamento de policía un informe cos días traballados.

**A Sra. Rial Pardo**: realiza as seguintes preguntas:

- por que este ano non se contratou unha empresa especializada neste tipo de servizos para garantir a seguridade das persoas usuarias das atraccións?
- que medidas de seguridade alternativas se tomaron para comprobar a montaxe e establecer un seguro de responsabilidade civil no caso de incidencias?
- no caso de aforrar custos ten que ser a conta da seguridade?

**O Sr. alcalde**: expón que non se contratou unha empresa allea porque eran 9 mil euros de gasto e son os servicios municipais os que inspeccionan as atraccións e que as diferentes atraccións deben dispor dos seguros pertinentes e lembra que lles pasará o informe antes solicitado polo Sr. Sotelo.

**A Sra. Villar Rodal**: presenta o seguinte rogo:

“En outubro de 2015, o grupo de anelamento Anduriña e CMMVV de Darbo presentaron unha proposta solicitando a catalogación do Espazo natural de interés local de Punta Balea-As Barreiras. Como resultado desta proposta, en novembro dese mesmo ano, acordouse en pleno



**Concello de Cangas**

realizar un estudo por parte da concellería de Medio Ambiente e o conseguinte informe de valoración sobre a catalogación destes espazos como Espazo natural de interese local (ENIL). Sabemos que a empresa Xesmega realizou un traballo técnico, mais non temos constancia da elaboración do informe comprometido e que permitirá continuar co trámite de declaración do ENIL Punta Balea-As Barreiras. Por todo isto.

Pregámoslle:

-A elaboración do informe comprometido, de xeito que se poña a disposición dos grupos da corporación toda a documentación precisa para chegar a un acordo plenario, de cara a continuar cos trámites para a catalogación do Espazo natural de interese local Punta Balea-As Barreiras.”

**A Sra. Hermelo Piñeiro:** roga que se colguen as actas da Xunta de Goberno na páxina web.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850